

Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo

Presentación

A Facultade de Ciencias Empresariais de Ourense está localizada no Edificio Xurídico Empresarial do Campus Universitario en pleno centro da cidade.

A oferta educativa para o próximo curso 2021-2022 no Centro é:

Títulos de Grao:

- **GRADO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS20-**
- **GRADO EN TURISMO**
- **PROGRAMA CONXUNTO DE ESTUDOS ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS + ENXEÑERÍA INFORMÁTICA**
- **PROGRAMA CONXUNTO DE ESTUDOS ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS + DEREITO**
- **PROGRAMA CONXUNTO TURISMO + XEOGRAFÍA E HISTORIA**
- **GRAO EN ADE CON RECOÑECEMENTO MUTUO DE ESTUDOS POLA UNIVERSIDADE DE VIGO E A HOCHSCHULE BREMENERHAVEN (ALEMAÑA)**

Desde o curso 2015-2016, grazas a un acordo de cooperacion Inter-Institucional con Hochschule Bremerhaven, a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo oferta o **Programa de Dobre Grado Internacional** en Administración e Dirección de Empresas (Business Administration & Management) da **Universidade de Vigo** e Bachelor of Arts in Business Administration en **Hochschule-Bremerhaven**. Ademais, por terceiro ano consecutivo ofértase o programa **ADE INTERNACIONAL** con mais de 60 créditos impartidos en inglés. No curso 2016-2017 iníciase a oferta do programa **TURISMO INTERNACIONAL** con mais de 39 créditos impartidos en inglés.

Con estes acordos e programas a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo aposta pola internacionalización dos estudos e a participación dos estudantes en programas de movilidade e intercambio, abrindo un abanico a novos horizontes e opcións de futuro.

En canto á oferta de POSGRAOS da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo:

- **MESTRADO OFICIAL EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO**
- **MESTRADO OFICIAL EN XESTION EMPRESARIAL DO DEPORTE**

Para obter máis información visita a nosa páxina web http://www.fcetou.uvigo.es/

¡Ven a visitarnos!

Organigrama

EQUIPA DECANAL

Decana

María Montserrat Cruz González
Teléfono: 988 368 800
e-mail: decano.eto@uvigo.es

Secretario
Alberto Vaquero García
Teléfono: 988 368 762
e-mail: secretario.facultade.eto@uvigo.es

Vicedecano de Ordenación Académica
Francisco Tugores Martorell
Teléfono: 988 368 770
e-mail: ftugores@uvigo.es

Vicedecano de Estudos de Grao e Xestión Informática
Javier Sánchez Sellero
Teléfono: 988 368 742
e-mail: javiss@uvigo.es

Vicedecano de Calidade
Juan Manuel de los Rios Sánchez
Teléfono: 988 368 816
e-mail: jmrios@uvigo.es

Vicedecana de Relacións Internacionais
Elena De Prada Creo
Teléfono: 988 368 726
e-mail: edeprada@uvigo.es

Localización

Edificio Xurídico-Empresarial
Campus Universitario As Lagoas
32004 Ourense

Conserxería: + 34 988 368 700
Secretaría de alumnado: +34 988 368 803; administracion.eto@uvigo.es
Secretaría de Decanato: +34 988 368 800; secretario.eto@uvigo.es
Relacións Internacionais: edeprada@uvigo.es
Información xeral: info.eto@uvigo.es
Fax: + 34 988 368 923

Páxina web: www.fcetou.uvigo.es

PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia

Materias

Curso 3

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
O04G740V01311	Economía aplicada ao turismo	1c	6
O04G740V01312	Mercadotecnia turística	1c	6
O04G740V01313	Xestión de recursos humanos en empresas turísticas	1c	6
O04G740V01314	Linguas estranxeiras para o turismo IIIA: Inglés	1c	3
O04G740V01315	Linguas estranxeiras para o turismo IIIB: Francés	1c	3

O04G740V01316	Linguas estranxeiras para o turismo IIIC: Alemán	1c	3
O04G740V01317	Linguas estranxeiras para o turismo IIID: Portugués	1c	3
O04G740V01318	Historia medieval universal	1c	6
O04G740V01321	Historia moderna universal	2c	6
O04G740V01322	Historia contemporánea universal	2c	6
O04G740V01323	Teoría e método da arqueoloxía	2c	6
O04G740V01324	Historia da arte medieval	2c	6
O04G740V01325	Arqueoloxía aplicada	2c	6
O04G740V01326	Xestión de aloxamentos	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Economía aplicada ao turismo				
Materia	Economía aplicada ao turismo			
Código	O04G740V01311			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Galego			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Vázquez Rodríguez, María Xosé			
Profesorado	Vázquez Rodríguez, María Xosé			
Correo-e	maxose@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Economía Aplicada ó Turismo é unha materia básica que se imparte no primeiro semestre do Grao en Turismo. Consta dun total de 6 créditos ECTS, que se corresponden con 150 horas de traballo do alumno, das cales aproximadamente 50 son actividades presencias, mentres que o resto serán actividades non presenciais. A língua de impartición será o galego. Non obstante, a materia é English Friendly, con titorías e posibilidade de acceder a materias de apoio en inglés para o alumnado que o precise. Esta materia pretende iniciar ao estudante no coñecemento das técnicas e da área de estudo da Economía Aplicada, con especial fincapé no papel do sector turístico nas economías actuais.			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquirir coñecementos básicos para entender o funcionamento da economía mundial e española, e da importancia do sector turístico dentro da mesma.	
Acceder ás fontes estatísticas e bibliográfica da Economía Mundial e de España, así como do sector turístico enmarcado no seu contexto económico.	
Sintetizar información estatística no ámbito económico e social en Indicadores Económicos relevantes e interpretar indicadores.	
Elaboración e exposición dos resultados, empregando nun nivel básico os programas informáticos de cálculo, realización de gráficos e presentacións.	
Someter a contraste e discusión as ideas expostas nas leccións maxistrais.	

Contidos	
Tema	
Parte I: Introdución Tema 1: Técnicas e instrumentos de avaliación da actividade económica	A actividade económica e o crecemento económico. Crecemento e Desenvolvemento. Indicadores do impacto económico e social da actividade turística. Principais fontes estatísticas e bibliográficas.
Tema 2: Técnicas e instrumentos económicos de regulación.	Externalidades e fallos de mercado do turismo. Valoración. Instrumentos directos e indirectos de corrección.
Parte II: Economía Mundial e Turismo Tema 3: Os Países Desenvolvidos.	Análise do crecemento nos países desenvolvidos. Factores. O mercado turístico internacional.
Tema 4: Os Países en Vías de Desenvolvemento.	Características estruturais dos países en vías de desenvolvemento. Estratexias de crecemento económico. O papel do turismo como oportunidade de crecemento.
Parte III: Economía Española e turismo Tema 5: O desenvolvemento económico español.	Crecemento económico e evolución da Economía Española. O sector turístico na Economía Española. Turismo receptor (FRONTUR), Turismo interno e emisor (FAMILITUR) e Gasto Turístico (EGATUR)
Tema 6: O Sector Público en España.	Estructura e funcións do Estado nas economías. Evolución. O papel do Sector Público no desenvolvemento turístico.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas de forma autónoma	11	24	35
Actividades introdutorias	3	6	9
Prácticas con apoio das TIC	8	8	16
Lección maxistral	20	20	40
Exame de preguntas obxectivas	2	10	12
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	20	24
Estudo de casos	4	10	14
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Durante o curso, proporanse ao alumnado un conxunto diverso de exercicios complementarios, que poden incluir problemas de cálculo, análises de casos, lectura de artigos científicos, lectura de artigos de prensa, videos, etc. Estas actividades serán realizadas individualmente ou en grupo, según proceda, e contarán cunha parte non presencial, de traballo autónomo. Este tipo de exercicio require que o estudante teña acceso a Internet para acceder ás Bases de Datos Oficial, e un manexo básico de Excel (ou folla de cálculo similar).
Actividades introdutorias	Nas actividades introductorias, presentarase a materia, os seus contidos e obxectivos, así como a planificación docente e o sistema de avaliación. Poderá realizarse algunha proba de coñecementos previos ou de comprobación da comprensión do sistema por parte do alumnado.
Prácticas con apoio das TIC	Nas prácticas nas aulas de informática o alumnado realizará exercicios e análises de casos nos que o alumnado aprenderá a manexar información estatística coas técnicas de análise máis habituais. Con estas prácticas o alumnado aprenderá a organizar información, sintetizar e depurar datos, construir indicadores, etc. Isto esixirá a realización de cálculos básicos (taxas de variación, números índice, etc.) e a súa representación gráfica.
Lección maxistral	Nas sesións maxistrais, o profesorado desenvolverá os contidos do Programa. Explicaranse as ideas centrais, do temario, con apoio de datos e ferramentas analíticas e de síntese. As sesións maxistrais poderán apoiarse en problemas e análises de casos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas de forma autónoma	Asistencia e apoio ó alumnado, tanto de forma presencial como non presencial, para a realización dos problemas e exercicios plantexados para cada tema.
Probas	**Descrición**
Exame de preguntas obxectivas	Axuda ó alumnado para resolver dúbidas respecto dos contidos das probas tipo test, así como corrección e revisión posterior das probas (feedback para o alumnado).
Resolución de problemas e/ou exercicios	Axuda ao alumnado para orientar e resolver dúbidas respecto dos contidos de problemas e exercicios prácticos a realizar.
Estudo de casos	Axuda ó alumnado para plantexar cuestións, orientar na búsqueda de información e resolver dúbidas sobre os estudos de casos a realizar.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Consistirán na realización de probas sobre os contidos das sesións Maxistrais, Prácticas de Laboratorio, Lecturas, Debates e demais exercicios complementarios propostos.	50	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Consistirán na realización de tarefas vencelladas coas prácticas que se indicarán ao longo do curso e que o alumnado deberá realizar de forma autonóma con base aos materiais dispoñibles e os contidos explicados nas clases.	30	
Estudo de casos	Consistirán na análise dalgún caso ou problema real baseado nos coñecementos impartidos na materia, que o alumando deberá redactar, entregar, e se é posible, presentar e defender na aula ou de forma virtual.	20	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Haberá dúas posibilidades de avaliación:

A) A avaliación da materia será continua. O alumnado que supere a materia mediante avaliación continua non precisará presentarse ó exame final da materia. É preciso presentarse a todas as probas avaliables para ter a posibilidade de ser avaliado/a mediante avaliación continua. As actividades avaliables non entregadas non impiden ser avaliado/a por avaliación continua pero conlevan unha nota de cero para estas entregas. Poderá establecerse unha nota mínima en cada unha das probas para realizar a ponderación e cálculo da nota final de avaliación continua. Considerarase que o alumnado se ten presentado á avaliación continua cando se presente a algunha das dúas probas de avaliación (exames de preguntas obxectivas).

B) Cando non proceda a avaliación continua (por que o alumno así o teña decidido ou por non ter superado a avaliación continua) realizarase un exame final, que poderá incluír preguntas de tipo test e de resposta curta/problemas sobre o contido das clases maxistrais, das prácticas de aula informática, das lecturas e debates e demais exercicios e tarefas do curso. Neste caso a nota da parte test do exame constituirá o 60% da nota final e a parte de resposta curta o 40%. Poderá esixirse unha nota mínima en cada parte de cara ao cálculo da nota final.

O exame correspondente á segunda e posteriores convocatorias seguirá o mesmo modelo que o exame final (opción B).

Os estudantes que non participen na avaliación continua nin realicen o exame final, figurarán nas actas como non presentados. O alumnado que suspenda a avaliación continua e non se presenten ó exame final, figurará nas actas como suspenso. O alumnado que aprobe a avaliación continua e desexe subir nota, poderá presentarse ó exame final (nese caso a nota do exame final sustituirá a todos os efectos á nota obtida mediante avaliación continua).

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2021-2022. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

García Delgado, Jose Luís e Rafael Myro (directores), **Lecciones de Economía Española**, 9788491978657, 12ª Edición, Civitas, 2019

Jaime Requeijo González, **Economía Mundial**, 9788448612504, 4ª Edición rev e act, McGraw-Hill, 2017

Magadán Díaz, M. e Rivas García, J., **Estructura, Economía y Política Turística**, 9788492536849, 1ª Edición, Septem, 2012

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Planificación pública do desenvolvemento turístico/O04G240V01604
Turismo e desenvolvemento económico territorial/O04G240V01501
Planificación e dirección de espazos turísticos/O04G240V01908

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Introdución á economía/O04G240V01103
Xeografía: O turismo no mundo actual/O04G240V01104
Estatística/O04G240V01402

Outros comentarios

Nesta materia é moi recomendable a asistencia regular ás clases teóricas e prácticas. Trátase dunha materia moi extensa e que trata de perfilar un marco para a comprensión do sector turístico dentro da economía mundial e española. Por tanto, é unha materia básica útil para posteriormente profundizar nos diferentes aspectos do turismo. Recoméndase tamén a participación nas actividades voluntarias propostas, pois ademáis de puntuar para a nota final (no caso da avaliación continua), facilitan a reflexión e comprensión de conceptos explicados ao longo do temario.
Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumnado na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, pode requerir reaxustes ó longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir.
Asimesmo, aportarase ó alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen:

1) Resolución de problemas de forma autónoma.

* Metodoloxías docentes que se modifican:

1) Lección maxistral. En caso de docencia non presencial, esta metodoloxía desenvolverase a través de Campus Virtual con apoio de MooVi.
2) Actividades introductorias. Pasarán a desenvolverse en remoto.
3) Prácticas con apoio das TICs. Esta metodoloxía no poderá desenvolverse en laboratorio informático e levarase a cabo co equipamento persoal do alumnado.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

As titorías pasarán a realizarse por medios telemáticos (email, despacho virtual, conversa en MooVi ou despacho virtual, etc.) e serán previamente concertadas por email co profesorado, para facilitar o contacto en previsión de problemas de conciliación e/ou conectividade.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe.

O profesorado porá a disposición do alumnado, a través de MooVi, a bibliografía ou materiais necesarios para o reforzo da ensinanza, en caso de pasar a unha modalidade non presencial. Esta bibliografía será específica para cada tema e epígrafe. A bibliografía xeral será a mesma que a especificada para o ensino presencial.

A cantidade e tipoloxía do material docente (audiovisual ou escrito) será a necesaria para garantir que o alumnado non perda ningún tipo de contido, práctica ou competencia.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

A avaliación xa foi modificada e deseñada para non ter que se modificada nun escenario de non presencialidade, dando un maior peso ao traballo autónomo do alumnado.

Os enunciados das tarefas, así como os materiais dispoñibles estarán adaptados á nova situación de traballo non presencial en remoto e serán postos a disposición dos estudantes coa suficiente antelación respecto da data límite de entrega.

As probas pasarán a realizarse a través do campus remoto/MooVi ou oralmente en caso de problemas de conectividade por parte do alumnado.

* Información adicional

Nas probas de avaliación non presenciais realizarase control de asistencia, para o cal será imprescindible a identificación do alumnado (ensinar DNI e activar cámara).
Nas probas de avaliación non presenciais, en caso de que algún/ha alumno/a anticipe ou teña problemas de conexión, habilitarase como alternativa de avaliación unha proba oral por audio/video (realizada no mesmo día do exame escrito).

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Mercadotecnia turística				
Materia	Mercadotecnia turística			
Código	O04G740V01312			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Alén González, María Elisa			
Profesorado	Alén González, María Elisa			
Correo-e	alen@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia conecta ao estudante con aspectos da mercadotecnia básicos para coñecer e entender o mercado e aos consumidores. En concreto, a materia Mercadotecnia turística pretende profundar no estudo da mercadotecnia estratéxica e das ferramentas de análise e planificación do mercado de cara a desenvolver estratexias exitosas para as empresas. Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliografías para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer os distintos procesos, procedimentos e estratexias de mercadotecnia para a prestación dun servizo excelente	
Mostrar, explicar e xustificar os valores éticos propios da profesión	

Contidos	
Tema	
Tema 1. Introdución: Mercadotecnia turística	1.1. Definición e concepto de mercadotecnia 1.2. Enfoques na direccion de mercadotecnia
Tema 2: Caracteristicas do servizo e da mercadotecnia turistica	2.1 Caracteristicas da mercadotecnia de servizos 2.2 Estratexias de xestion para empresas de servizos 2.3 o modelo de prestación dun servizo
Tema 3. Mercado potencial, demanda de mercado e cota de mercado	3.1. Definición do concepto de mercado 3.2. Mercado potencial 3.3. Cota de mercado potencial e cota de participación
Tema 4. A planificación de mercadotecnia (introdución)	4.1. O plan estratéxico de mercadotecnia 4.2. As estratexias de mercadotecnia
Tema 5. O sistema de información de mercadotecnia	5.1. Avaliación das necesidades de información en mercadotecnia 5.2. A investigación comercial
Tema 6. O comportamento do consumidor	6.1. Factores que inciden no comportamento de compra do consumidor 6.2. Modelos de comportamento do consumidor
Tema 7. A segmentación de mercados	7.1. A segmentación 7.2. Proceso e estratexias de segmentación 7.3 Posicionamento
Tema 8. Marketing Mix	8.1 Deseño e xestión do produto 8.2 Consideracións sobre o prezo 8.3 Canles de distribución 8.4 Promoción do produto

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22	45	67
Estudo de casos	22	5	27
Aprendizaxe-servizo	22	5	27
Exame de preguntas obxectivas	1.5	40	41.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	0.5	14	14.5

Cartafol/dossier	0.5	7	7.5
Observación sistemática	0	7	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. Recoméndase ao estudante que traballe previamente o material entregado polo profesor e que se consulte a bibliografía recomendada para completar a información co fin de seguir as explicacións.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Aprendizaxe-servizo	Combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto articulado onde os/as participantes aprenden a traballar nas necesidades reais da contorna coa finalidade de mellorala.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Casos prácticos relativos a situacións reais e/ou empresas turísticas.
Aprendizaxe-servizo	Participación voluntaria nun proxecto de aprendizaxe en colaboración con outra organización

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos	Entregaranse casos e exercicios que haberá que resolver	40	
Exame de preguntas obxectivas	Exame tipo test	35	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Preguntas curtas achega do temario	25	
Cartafol/dossier	Realización dun cartafol coas aprendizaxes derivadas da experiencia de ApS. Consiste na recompilación do traballo do/a estudante no que amosa os seus esforzos, progresos e logros. A recompilación debe incluír contidos elexidos polo alumno/a, os criterios de selección e efidencias de autoreflexión.	20	
Observación sistemática	Percepcion atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado participante en ApS	20	

Outros comentarios sobre a Avaliación

A descrición desta guía esta pensada para o seguimento da materia en avaliación continua. A concreción das actividades a realizar dependerá en gran medida do número de estudantes e os medios para traballar en grupo. Indícanse dous percursos excluintes en función de que o alumnado participe no programa de ApS ou non (alumnado xeral).

====ALUMNADO XERAL====

Na avaliación continua a nota final será o resultado de:
a) Realización de varios exercicios/casos prácticos individuais e/ou en grupo. Para a avaliación poderá esixirse unha defensa oral dun caso. Esta nota pondera un 40% na calificación final sempre que sexa superior ou igual a 5 puntos sobre 10.
b) Un exame ao finalizar a materia no que se medirán os coñecementos teóricos alcanzados (60%)
c) É necesario alcanzar un mínimo dun 4.5 no exame para poder compensala nota coa de avaliación continua e superar a materia.

====ALUMNADO QUE PARTICIPE NO ApS====

Na avaliación continua a nota final será o resultado de:

a) Realización dun Cartafol/dossier de aprendizaxe e observación sistemática por parte da docente. Para a avaliación poderá esixirse unha defensa oral. Esta nota pondera un 40% na calificación final sempre que sexa superior ou igual a 5 puntos sobre 10.

b) Un exame ao finalizar a materia no que se medirán os coñecementos teóricos alcanzados (60%)

c) É necesario alcanzar un mínimo dun 4.5 no exame para poder compensala nota coa de avaliación continua e superar a materia.

======

Avaliación ordinaria: Seguirán este proceso os estudantes que non sigan a avaliación continua ou aqueles que seguíndoa non alcancen os mínimos establecidos (nota >=5). Neste caso, o exame consistirá nunha proba na que se exporán preguntas teóricas (60%) e outra na que haberá un caso práctico (40%).

As cualificacións de todas as probas, parciais ou finais, prácticas e actividades só terán efectos no curso académico no que se propoñan.

A plataforma de aula virtual conta con ferramentas para detectar posibles comportamentos anómalos e deshonestos, así como para detectar posibles plaxios en traballos escritos. No caso de detección de plaxio nalgunha proba/traballo/test/exame/actividade a cualificación final da materia será Suspenso (0) e o feito será comunicado ao Decanato do Centro para que adopte as medidas oportunas.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2021-2022. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Kotler y otros, **Marketing turistico**, 6ª, Pearson, 2015

Bibliografía Complementaria

de la Ballina Ballina, FJ, **Marketing turístico aplicado**, ESIC, 2017
Kotler y Armstrong, **Principios de Marketing**, Prentice Hall, 2008

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Distribución turística/O04G240V01401
Promoción turística/O04G240V01405
Investigación de mercados turísticos/O04G240V01602
Atención ao cliente/O04G240V01902
E-marketing no sector turístico/O04G240V01904

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas I/O04G240V01102
Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas II/O04G240V01203

Outros comentarios

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co estudante na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, pode requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Así mesmo, achegarase aos estudantes a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.
Ante calquera contradicción que se puidera dar entre as distintas versións da guía, por mor dalgún erro na traducción, a versión que prevalecerá é esta versión na lingua galega.

Plan de Continxencias

Descrición

En caso de crise sanitaria que obrigue a utilizar un escenario de normalidade adaptada se levaran a cabo as seguintes adaptacións:
Algunhas das clases teóricas poden ser por Campus Integra en función do aforo e a capacidade estimada da aula.
O sistema de avaliación adaptado soamente incluiría cambios na avaliación continua, sendo a nota final o resultado de:
a) Realización de varios exercicios/casos prácticos individuais e/ou en grupo ao longo do cuatrimestre. Esta nota pondera un 40% na calificación final.
b) Varias pequenas probas teóricas ao longo do cuatrimestre (25% na calificación)
c) Un exame tipo test ao finalizar a materia no que se medirán os coñecementos teóricos alcanzados (35%)
d) Para superar a avaliación continua e necesario ter nos apartados a) + b) alomenos un 5 sobre 10.

e) É necesario alcanzar un mínimo dun 4.5 no exame para poder compensala nota coa de avaliación continua e superar a materia.

Avaliación ordinaria: Seguirán este proceso os estudantes que non sigan a avaliación continua ou aqueles que seguíndoa non alcancen os mínimos establecidos (nota >=5). Neste caso, o exame consistirá nunha proba na que se exporán preguntas teóricas (60%) e outra na que haberá un caso práctico (40%).
As cualificacións de todas as probas, parciais ou finais, prácticas e actividades só terán efectos no curso académico no que se propoñan.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Xestión de recursos humanos en empresas turísticas				
Materia	Xestión de recursos humanos en empresas turísticas			
Código	O04G740V01313			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Diéguez Castrillón, María Isabel			
Profesorado	Diéguez Castrillón, María Isabel			
Correo-e	idieguez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A asignatura estudia o proceso de xestión dos Recursos Humanos a través de conceptos, estratexias, procesos e técnicas que permitan a correcta dirección dos mesmos.			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Analizar as oportunidades e amenazas que prantexa o entorno externo para a toma de decisións nun sector específico	

Contidos	
Tema	
TEMA 1: Xestión dos RRHH	Evolución da xestión de RRHH, Análise de actividades, o departamento de RRHH
TEMA 2: Planificación estratéxica dos RRHH	Diagnóstico estratéxico de RRHH, Obxectivos, Actuacións
TEMA 3: Retribución	Elementos dos sistemas de retribución, modelos retributivos
Tema 4: Desenvolvemento	Formación, xestión do desempeño
TEMA 5: Recrutamento e selección	Técnicas e instrumentos de recrutamento e selección
Tema 6: Igualdade	Prácticas de xestión de RRHH con perspectiva de igualdade

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	40	60
Estudo de casos	25	65	90
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Explicación do profesorado dos contidos básicos da mateira, fontes de información e pautas para acadar os resultados de aprendizaxe. Interacción cos estudantes
Estudo de casos	Resolución de casos e exercicios prácticos, búsqueda de solucións para poblemas concretos

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Estudo de casos	Atención personalizada para a resolución de dúbidas sobre contidos da materia ou resolución de actividades no despacho e por email

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Actividades que avaliarán a comprensión e aplicación de conceptos	50	
Estudo de casos	Actividades de avaliación consistentes en resolución de situacións e toma de decisións sobre problemas concretos e aplicados ao ámbito de empresas da contorna turistica	50	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Primeira convocatoria (xaneiro)

Alternativa a) Evaluación continua. No caso de que se presente a algunha proba das efectuadas durante o período lectivo, se entenderá que o alumnado segue a evaluación continua.

Se superará a materia a condición de que a suma ponderada dos resultados de todas as probas e actividades avaliables efectuadas ao longo do período lectivo sexa maior ou igual a 5 puntos sobre 10. Non se integrará na calificación o resultado das actividades e probas de evaluación nas que non se chegue ao 5.

Alternativa b) Só para os estudantes que non seguiron a evaluación continua. Exame global dos contidos da materia. A cualificación do exame será o 100% da nota final.

Segunda convocatoria (xullo):

Exame global dos contidos da materia no mes de xullo. A calificación do exame será o 100% da nota.

Esta Guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumnado na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, pódense requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e/ou do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Se aportará ao alumnado a información e as pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

*Observación: Calquera evidencia de traballos e probas plagiados ou copiados supondrá unha calificación de suspenso nas dúas convocatorias.

IMPORTANTE: As datas e horarios das probas de evaluación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de evaluación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2021-2022. Non obstante, o calendario podrá ser modificado ao longo do curso por *algún imprevisto. Consulten a página web da facultade por si prodúcense cambios no mesmo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Acosta, J.; Fernández, N. e Mollón, M., **Recursos Humanos en empresas de turismo y hotelería**, 2002

Bayón, F. e García, I., **Gestión de RRHH. Manual para técnicas en empresas turísticas**, Sintesis, 1995

Pardo, M; Luna R., **Recursos Humanos para turismo**, Prentice Hall, 2006

Martin I., Gaspar A., **Administración de los recursos humanos en las empresas turísticas**, Pirámide, 2010

Bibliografía Complementaria

Garcia Isa, Isabel, **Gestión de recursos humanos en empresas turísticas**, Pirámide, 2013

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas I/O04G240V01102

Plan de Continxencias

Descrición

Por causas derivadas de situacións vinculadas con posibles restricións por causas sanitarias ou similares, esta guía contempla as modificacións para os seguintes escenarios

MODALIDADE MIXTA

- As clases serán impartidas presencialmente e de forma online a través de Campus Remoto e co apoio da plataforma Faitic seguindo as directrices establecidas pola UVigo. Respectarase a metodoloxía e avaliación recollida nesta guía.

MODALIDADE *NON PRESENCIAL

- As clases serán impartidas de forma presencial a través de Campus Remoto e con apoio da plataforma Faitic seguindo as directrices establecidas pola UVigo. Respectarase a metodoloxía e a avaliación recollida nesta guía.

En todas as modalidades as sesións de tutorización poderán realizarse por medios *telemáticos (correo electrónico, videoconferencia) baixo a modalidade de concertación previa.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Linguas estranxeiras para o turismo IIIA: Inglés				
Materia	Linguas estranxeiras para o turismo IIIA: Inglés			
Código	O04G740V01314			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	3	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Llantada Díaz, María Francisca			
Profesorado	Llantada Díaz, María Francisca			
Correo-e	fanny.llantada@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Intensificación e perfeccionamento do idioma inglés, con especial aplicación no sector turístico.			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Expresar oralmente e por escrito mensaxes en inglés, sobre diversos temas e experiencias.	
Adaptar o nivel de lingua ás distintas situacións comunicativas, tanto coloquiais como formais.	
Xestionar a relación cos clientes en inglés, especialmente no ámbito do turismo.	
Aplicar as TIC á procura e selección de información variada (léxica, cultural, etc.).	
Organizar e desenvolver traballo en equipo en diferentes contextos e linguas.	

Contidos	
Tema	
1. Sustainability	Comprensión oral Expresión oral Vocabulario específico Gramática Lectura Escritura Expresiones idiomáticas Traducción
2. Heritage	Comprensión oral Expresión oral Vocabulario específico Gramática Lectura Escritura Expresiones idiomáticas Traducción
3. Tour guides	Comprensión oral Expresión oral Vocabulario específico Gramática Lectura Escritura Expresiones idiomáticas Traducción

4. Adventure tourism	Comprensión oral Expresión oral Vocabulario específico Gramática Lectura Escritura Expresiones idiomáticas Traducción
5. Literary tourism	Comprensión oral Expresión oral Vocabulario específico Gramática Lectura Escritura Expresiones idiomáticas Traducción
6. World treasures	Comprensión oral Expresión oral Vocabulario específico Gramática Lectura Escritura Expresiones idiomáticas Traducción

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	5	2	7
Seminario	1	4	5
Resolución de problemas	3.75	15.75	19.5
Prácticas de laboratorio	7	18.25	25.25
Aprendizaxe baseado en proxectos	2.5	10	12.5
Actividades introdutorias	1.75	1	2.75
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contenidos fundamentais do curso tanto teóricos como prácticos
Seminario	Traballo en profundidade sobre temas específicos do ámbito turístico cun enfoque profesional no que se poidan poñer a proba as competencias a adquirir na materia
Resolución de problemas	Práctica a través de exercicios de distinto tipo das diferentes destrezas comunicativas tanto na súa faceta receptiva como productiva
Prácticas de laboratorio	Práctica contextualizada das diferentes destrezas comunicativas emulando situacións habituáis no desenvolvemento da actividad profesional no ámbito do turismo
Aprendizaxe baseado en proxectos	Profundización dos contenidos dos bloques temáticos complementado co traballo on-line, familiarización cas TICs e desenvolver competencias como o traballo en equipo.
Actividades introdutorias	Preparación para a asignatura tanto a nivel gramatical como léxico. Consolidación das principáis funcións comunicativas necesarias para o exercicio profesional no sector turístico

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Actividades introdutorias	Actividade académica desenvolvida na clase, que ten como finalidade presentar a materia e realizar unhas actividades introdutorias, atendendo ás necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Lección maxistral	Actividade académica desenvolvida en grupo grande, que ten como finalidade dar explicacións xerais ao alumnado sobre temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Seminario	Actividade académica desenvolvida en pequeno grupo, que ten como finalidade atender ás necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Resolución de problemas	Actividade académica desenvolvida de forma individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa resolución de problemas e ou exercicios da materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Actividade académica desenvolvida en pequeno grupo, que ten como finalidade atender ás necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa realización dos proxectos da materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de realización dos mesmos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Comprensión e asimilación dos principais contidos teóricos	5	
Seminario	Traballo individualizado sobre as principais competencias comunicativas no sector turístico	5	
Resolución de problemas	Realización de exercicios e actividades prácticas que resuman os contidos xeráis do curso	5	
Prácticas de laboratorio	Realización de exercicios e actividades contextualizadas. Léxico específico	20	
Aprendizaxe baseado en proxectos	Realización e presentación dun tema	15	
Actividades introdutorias	Evaluación das competencias comunicativas	5	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización de exercicios y actividades prácticas que resuman os contidos xerais do curso nas principales destrezas comunicativas orales	20	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización de exercicios e actividades nas áreas de léxico, gramática, comprensión oral e escrita e producción oral e escrita	25	

Outros comentarios sobre a Avaliación

A) PRIMEIRA EDICIÓN DAS ACTAS:

O alumnado poderase acoller á avaliación continua (A.1) ou á avaliación única (A.2). O alumnado deberá pór en coñecemento do docente a cal das dúas opcións se acolle. Aqueles que se acollan á avaliación continua deberán entregar ao longo das dúas primeiras semanas das clases unha ficha cuberta e cunha fotografía. A non comunicación, non entrega da ficha e/ou non realización das probas previstas para a avaliación continua suporán automaticamente a avaliación única.

Recoméndase a avaliación continua, sendo o sistema máis adecuado para a aprendizaxe da materia.

Durante a realización dos exames non se permite a utilización de dicionarios, computador, teléfonos móbiles ou outros dispositivos electrónicos.

O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou actividade suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade respecto diso.

A.1) Avaliación continua

Para acollerse á avaliación continua o alumnado deberá realizar as seguintes probas:

- Speaking 20%: Dúas probas (10%+10%) que terán lugar nas datas indicadas no cronograma.

- Writing (20%): Dúas probas: (10%+10%) que terán lugar nas datas indicadas no cronograma.

- Listening (10%): unha proba que terá lugar na data indicada no cronograma.

- Reading (10%): unha proba que terá lugar na data indicada no cronograma.

- Use of English (40%): unha proba que terá lugar na data indicada no cronograma.

As datas das probas de avaliación continua serán anunciadas no cronograma publicado na páxina web da Facultade e tamén en Moovi.

Para superar a materia será necesario:

1) Obter unha nota mínima de 5 como resultado da media aritmética das probas escritas: Use of English (40%), Writing (10%+10%), Listening (10%) and Reading (10%).

2) Obter unha nota mínima de 5 como resultado da media aritmética das dúas probas de speaking (10%+10%).

Os exames e probas da avaliación continua non realizadas contarán como un 0 á hora de calcular as medias da avaliación continua. Para a segunda edición das actas (xullo 2022) conservaranse as partes aprobadas da materia: a) parte escrita da materia (incluíndo Use of English, writing, reading e listening) b) parte oral da materia (speaking).

A.2) Avaliación única

O alumnado que non asista ás clases con regularidade nin realice ningunha proba parcial poderá presentarse á avaliación única, que consistirá nunha única proba global final que computará o 100% da cualificación final. O exame final escrito terá as seguintes porcentaxes: Use of English (40%), Writing (20%), Reading (10%), Listening (10%).

O examen oral final (só para o alumnado de avaliación final) terá lugar no mesmo día que o exame escrito final e suporá o 20% da nota final.

Para aprobar a materia, será necesaria unha nota mínima de 5 tanto no exame escrito como no exame oral. Os exames de avaliación única non realizados contarán como un 0 á hora de calcular as medias da avaliación única.

A data desta proba de avaliación única da primeira edición das actas será fixada pola facultade e publicada na súa páxina web. Para a segunda edición de actas (xullo 2022) conservaranse as partes aprobadas: a. exame oral (speaking) ou b. exame escrito (incluíndo use of English, writing, reading e listening).

B) SEGUNDA EDICIÓN DAS ACTAS (Xullo):

O alumnado que suspenda ou non se presente á primeira edición das actas será avaliado na segunda edición en xullo mediante unha proba única que terá as mesmas características que a proba única da primeira edición de actas:

- O exame escrito terá as siguientes porcentaxes: Use of English (40%), Writing (20%), Reading (10%), Listening (10%).

- O exame oral terá lugar no mesmo día que o exame escrito e suporá un 20% da nota final.

Para aprobar a materia, será necesario obter unha nota mínima de 5 tanto no exame escrito como no exame oral. Os exames da segunda edición das actas non realizados contarán como un 0 á hora de calcular as medias.

A data desta proba de xullo será fixada pola facultade e publicada na súa páxina web. De non superar a materia en xullo 2022, o/a alumno/a deberá examinarse da totalidade da materia en cursos académicos posteriores, xa que as partes superadas carecerán de validez para datas posteriores.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

De Prada Creo et al, **Travel Leisure and Socializing for Spanish Speakers**, T&T,

Duckworth, Michael, **High Season**, Oxford University Press,

Strutt, P., **English for International Tourism, Upper intermediate**, Pearson Education Limited,

Strutt, P., **English for International Tourism, Intermediate**, Pearson Education Limited,

Jones, L., **Welcome!**, Cambridge University Press,

Harding, K, **Going International. English for Tourism**, Oxford University Press,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Inglés para turismo/O04G240V01204
Linguas estranxeiras para o turismo IA: Inglés/O04G240V01302
Linguas estranxeiras para o turismo IIA: Inglés/O04G240V01403

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID- 19, a Universidade establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dunha maneira mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o

profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

No caso de ter que adoptar a docencia non presencial, non haberá ningunha modificación e mantéñense metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa excepción de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Moovi).

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta: Unha parte do estudiantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Linguas estranxeiras para o turismo IIIB: Francés				
Materia	Linguas estranxeiras para o turismo IIIB: Francés			
Código	O04G740V01315			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	3	1c
Lingua de impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	García Fernández, Manuel Ángel			
Profesorado	García Fernández, Manuel Ángel			
Correo-e	manuelangel.garcia@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia ten como obxectivo perfeccionar os coñecementos da lingua francesa en contexto turístico (nivel A2-B1).			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Descodificar e interpretar mensaxes en francés procedentes de diversos ámbitos, con especial atención ao sector turístico.	
Expresar oralmente e por escrito mensaxes en francés, sobre diversos temas e experiencias.	
Adaptar o nivel de lingua ás distintas situacións comunicativas, tanto coloquiais como formais.	
Xestionar a relación cos clientes en francés, especialmente no ámbito do turismo.	
Aplicar as TIC á procura e selección de información variada (léxica, cultural, etc.).	
Organizar e desenvolver traballo en equipo en diferentes contextos e linguas.	

Contidos	
Tema	
1. Coñecer o aeroporto e o persoal. Realizar a facturación.	As tarefas do axente de escala. Os espazos e os servizos no aeroporto. A facturación. Gramática: os pronomes de OD e OI.
2. Realizar o embarque e facer anuncios. Aplicar consignas de seguridade a bordo.	Os anuncios. A seguridade. As prohibicións. Gramática: a negación do imperativo e do infinitivo.
3. Aluguer e devolución dun coche. Encher a ficha do estado dun coche.	O aluguer. O coche. Gramática: a interrogación directa (repaso).
4. Informarse dos desaxustes e reacccionar de xeito adaptado as reclamacións dos pasaxeiros.	O transporte ferroviario. Os incidentes. As queixas. Gramática: os conectores de causa e consecuencia.
5. Identificar as funcións do recepcionista e informar un cliente sobre as características do hotel.	As tarefas en recepción. As prestacións e os equipamentos de hostelería. Gramática: os pronomes relativos où e dont.
6. Acoller un cliente, contestar as reclamacións e facturar unha estancia.	A habitación. As reclamacións. Gramática: o imperfecto.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	11	12	23
Resolución de problemas de forma autónoma	2	27	29
Prácticas de laboratorio	4	0	4
Lección maxistral	4	0	4
Seminario	1	0	1
Exame de preguntas obxectivas	1	3	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	3	3
Traballo	0	3	3

Práctica de laboratorio	0	4	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Resolución de problemas e/ou exercicios Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (laboratorios, aulas informáticas, etc).
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Ofrecerase resolución de dúbidas en pequenos grupos.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumno poderá consultar co profesor os resultados das tarefas.
Prácticas de laboratorio	Ofrecerase avaliación interactiva ao finalizar cada práctica.
Lección maxistral	Abriranse debates ao finalizar cada bloque para preguntar dúbidas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	25	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas que inclúen actividadees, problemas ou casos a resolver. O alumnado debe dar resposta á actividadee suscitada, plasmando de xeito práctico, os coñecementos teóricos e prácticos da materia	25	
Traballo	Os alumnos deberán realizar un exame oral.	20	
Práctica de laboratorio	Probas para aevaluación das competencias adquiridas sobre situacions prácticas. As probas serán orais e escritas	30	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na primeira convocatoria os alumnos deberán asistir a clase para beneficiarse da avaliación contínua (con máis de 3 faltas sen xustificar perderase o dereito a avaliación continua) que consistirá na recollida de tarefas e actividades de clase ou casa (30%), realizar 2 controis durante o cuatrimestre (50%, mínimo 5) e entregar un glosario (20%). Para a avaliación contínua, será necesario comprar o método de lingua que se utiliza en clase e traelo a diario.

Aqueles alumnos que non superen a materia durante o curso terán que presentarse ao exame final escrito (80%, mínimo un 5) e entregar un glosario (20%). Tamén poderán presentarse ao exame final aqueles alumnos que desexen subir nota.

Na segunda convocatoria os alumnos deberán realizar o exame final da materia (80%, mínimo un 5) e un glosario (20%).

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Aragón M., Eurrutia, M y otros, **Diccionario de términos de turismo.**,
Laygues, Arnaud;Coll, Andreu, **Le français en contexte: tourisme**,

Bibliografía Complementaria

Calmy, A.M, **Le français du tourisme**,
Corbeau, S, **Tourisme.com**,
Penformis, J.L., **Communication progressive du français des affaires**,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Linguas estranxeiras para o turismo IIB: Francés/O04G240V01406

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Linguas estranxeiras para o turismo IIB: Francés/O04G240V01406

Outros comentarios

Recoméndase ter cursado Francés I e II, e seguir a modalidade da avaliación contínua para superar a materia.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen

Avaliación contínua cos mesmos porcentaxes e os controis.

* Metodoloxías docentes que se modifican

As clases levaríanse a cabo polo campus remoto e
as tarefas entregaríanse polo campus virtual.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Titorías virtuais no horario presencial

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Non se modificarían

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Mantense o libro de texto de lingua francesa para o turismo.

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Mantéñense as porcentaxes da guía didáctica
Avaliación contínua: 50% (incluido a entrega do glosario)
Controis: 50 %

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Linguas estranxeiras para o turismo IIIC: Alemán				
Materia	Linguas estranxeiras para o turismo IIIC: Alemán			
Código	O04G740V01316			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	3	1c
Lingua de impartición	Alemán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Maslanka , Johann Franz			
Profesorado	Maslanka , Johann Franz			
Correo-e	hmaslanka@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Introducción á lingua alemá con especial aplicación ó sector turístico			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Descodificar e interpretar mensaxes en alemán procedentes de diversos ámbitos, con especial atención ao sector turístico.	
Expresar oralmente e por escrito mensaxes en alemán, sobre diversos temas e experiencias.	
Adaptar o nivel de lingua ás distintas situacións comunicativas, tanto coloquiais como formais.	
Xestionar a relación cos clientes en alemán, especialmente no ámbito do turismo.	
Aplicar as TIC á procura e selección de información variada (léxica, cultural, etc.).	
Organizar e desenvolver traballo en equipo en diferentes contextos e linguas.	

Contidos	
Tema	
1.Aloxamento	Reserva. Check-in. Información interna. Información externa. Servizos. Queixas. Check-out.
2 Actividades turísticas	-no hotel -no entorno
3. Transporte	-público -aluguer de coches, motos etc.. -cruceiros, rutas organizadas

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	11.25	16	27.25
Aprendizaxe baseado en proxectos	1	3.5	4.5
Estudo de casos	11.25	16	27.25
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Práctica de laboratorio	2	2	4
Traballo	0	10	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Resolución de problemas	O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas , a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.

Aprendizaxe baseado en proxectos	A elaboración e presentación de proxectos permite ao alumno traballar de forma trasversal e interdisciplinario e aplicar de forma práctica todos os coñecementos adquiridos así como ampliar aqueles que lle fagan falta para a boa execución do proxecto
Estudo de casos	Mediante o estudo de casos concretos o alumno debe adquirir esquemas de comportamento lingüísticos útiles no campo profesional do turismo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Atención das consultas do alumnado relacionadas cos casos propostos. Desenvolverase de forma presencial (directamente na aula).
Resolución de problemas	Atención das consultas do alumnado relacionadas cos problemas e/ou exercicios realizados. Desenvolverase de forma presencial (directamente na aula).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas e/ou exercicios	Gramática de contexto	50	
Práctica de laboratorio	comprensión oral, comprensión lectora, expresión e interacción oral	40	
Traballo	Traballos y proxectos durante o curso que representan a colaboración en clase. No están ligados nun plan temporal predeterminado senon surxen das necesidades pedagóxicas do curso.	10	

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación continua (que atañe ao alumnado que asiste con regularidade a clase y entrega os deberes) contará o 50%. De este xeito o exame final representará o 50% da nota final para eles.

No caso de non seguir a evaluación continua o 100% da nota é a obtida no exame final. O mesmo sistema se aplicará na segunda oportunidade (Xullo).

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2021-2022.

No caso de conflito ou disparidad entre as datas dos exames prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

No caso de non realizarse traballos e proxectos durante o curso a avaliación das probas prácticas de execución de tarefas reais e/ou simuladas será de 50% en vez de 40%

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

http://dw-world.de,

www.turgalicia.es,

Deutsch im Hotel, Hueber, 2000

Zimmer frei neu:- Lehrbuch, Arbeitsbuch, Lehrerhandreichungen, 2CDs zum Lehrbuch, 1CD zum Arbeitsbuch, Langenscheidt, Langenscheidt, 2012

Menschen A1.1, A1.2, Hueber, 2012

Ja, gerne A1, Cornelsen, 2014

Herzlich willkommen, Langenscheidt, 2012

studio 21, A1,2, Cornelsen, 2013

Panorama A1,2, Cornelsen, 2015

Linie 1 A1,A2, Klett, 2016

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Linguas estranxeiras para o turismo IVB: Alemán/O04G240V01607

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
-Resolución de problemas
-Aprendizaxe baseado en proxectos
-Estudo de casos

* Metodoloxías docentes que se modifican

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
-Titorías online no despacho virtual

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
* Probas xa realizadas
Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]
...

* Probas pendentes que se manteñen
Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]
...

* Probas que se modifican
[Proba anterior] => [Proba nova]

* Novas probas
Se as probas son a distancia a proba mais importante o única vai ser oral pola sua alta fiabilidade

* Información adicional

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Linguas estranxeiras para o turismo IIID: Portugués				
Materia	Linguas estranxeiras para o turismo IIID: Portugués			
Código	O04G740V01317			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	3	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	González Vázquez, María Mercedes			
Profesorado	González Vázquez, María Mercedes			
Correo-e	mercedes@uvigo.es			
Web	http://http://estudoslusofonos.blogspot.com.es/			
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que o alumnado adquira coñecementos básicos da lingua e das culturas de expresión portuguesa en continuación dos contidos de Lingua estranxeira para turismo II de cara ao nivel A2/B1.			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Descodificar e interpretar mensaxes en portugués procedentes de diversos ámbitos, con especial atención ao sector turístico.	
Expresar oralmente e por escrito mensaxes en portugués, sobre diversos temas e experiencias.	
Adaptar o nivel de lingua ás distintas situacións comunicativas, tanto coloquiais como formais.	
Xestionar a relación cos clientes en portugués, especialmente no ámbito do turismo.	
Aplicar as TIC á procura e selección de información variada (léxica, cultural, etc.)	
Organizar e desenvolver traballo en equipo en diferentes contextos e linguas.	

Contidos	
Tema	
Contidos gramaticais	Fonética: revisión; Verbo: revisión; Verbo: imperativo, presente de subxuntivo, futuro de indicativo, condicional Pronomes persoais; Pronomes: colocación do pronome átono; Preposicións.
Contidos léxico-semánticos	Socializar en portugués. Identificación persoal: Formación e experiencia laboral. Profesións ligadas ao turismo. Descrición de persoas (carácter, preferencias, crenzas) e lugares. Paisaxe e natureza. Campo e cidade. Orientarse e dar indicacións. Puntos de interese turístico. Viaxes e transportes: Vacacións. Tipos de aloxamento. Equipaxe. Documentación. Tempo libre e lecer: Pasatempos e intereses. Relacións humanas e sociais: Actos sociais (festas, reunións). Correspondencia formal e informal. Alimentación: Preparación, texturas, sabores e olores. Materiais e utensilios. Compras e actividades comerciais. Clima, condicións atmosféricas e ambiente: Previsións meteorolóxicas. Ciencia e tecnoloxía: Medios técnicos de comunicación.

Contidos pragmáticos	Idiomatismos Falsos amigos Rexistros Diferenzas entre as variantes portuguesa e brasileira. Prácticas orais e redacción de textos curtos relacionados co turismo.
Elementos de cultura lusófona	Elementos seleccionados da cultura e historia de Portugal con relevancia para o turismo.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	23	33
Traballo tutelado	10	23	33
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Sesións teóricas
Traballo tutelado	Sesións prácticas - traballo en grupo

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Sempre que o precise, o alumnado será atendido de forma individual, tanto nas sesións de clases, como no horario de titorías. Titorías: A atención ao alumnado poderá ter lugar de forma presencial durante o horario de titorías establecido no curso. Baixo a modalidade de concertación previa, as sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (destacadamente, por correo electrónico e por videoconferencia mediante o Campus Remoto).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Proba escrita e proba oral	60	
Traballo tutelado	Realización/presentación de traballos varios	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

As/os estudantes deberán escoller no inicio do curso entre dúas opcións: un sistema de avaliación continua ou un sistema de avaliación única.

AVALIACIÓN CONTINUA

Recoméndase optar por esta modalidade de avaliación. A/o estudante será avaliado tendo en consideración:

1. A asistencia e participación continuada deberá concretarse na realización das tarefas encomendadas dentro e fora da aula. A asistencia e participación non poderá ser inferior ao 75%. Se se dá unha asistencia e participación inferior (e independentemente de se existen motivos xustificados), a/o estudante deberá optar pola avaliación única.
2. Traballo escrito obrigatorio. Valoración: 20%
3. Traballo oral obrigatorio (individual). Valoración: 20%
4. Proba escrita teórico-práctica:

1. Expresión escrita e coñecementos gramaticais: ata 15%

2. Comprensión escrita: ata 15%
3. Comprensión oral: ata 15%
e. Proba de expresión oral4.Expresión oral: ata 15% (esta proba será gravada)

AVALIACIÓN ÚNICA

Avaliación única de carácter presencial. Quen opte de forma directa pola avaliación única será examinado ao final do primeiro período, na primeira edición das actas:

1. Proba escrita teórico-práctica:

1. Expresión escrita e coñecementos gramaticais: 25%
2. Comprensión escrita: 25%
3. Comprensión oral: 25%

d. Proba de expresión oral
4. Expresión oral: 25% (esta proba será gravada)

É preciso superar ambas as probas escrita e oral para superar a materia. A copia ou o plaxio nos respectivos exames será penalizado cun suspenso (nota numérica: 0) nas mesmas.

A convocatoria das probas de expresión oral deberá acordarse co profesorado coa antelación necesaria (mínimo 2 días antes da data oficial da proba escrita), sendo responsabilidade do alumnado contactar co profesorado. A non presentación á proba de expresión oral suporá a obtención dunha calificación de 0 (cero) puntos na mesma.

Os mesmos criterios de avaliación aplicaranse na segunda edición das actas (xullo).

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ana Tavares, **Português XXI. Nível B1**, 2011,

Coimbra, Isabel; Coimbra, Olga, **Gramática Ativa 1**, 3ª, Lidel, 2011

Robert Kuzka, José Pascoal, **Passaporte para Português. Livro do Aluno. Níveis A1/A2**, Lidel, 2014

Sara Gonçalves dos Santos, **Falar pelos cotovelos**, Lidel, 2015

Luísa Coelho, Carla Oiveira, **Português em Foco I**, Lidel, 2015

VV AA, **Histórias de bolso**, Lidel, 2016

Bibliografía Complementaria

Coimbra, Isabel; Coimbra, Olga, **Gramática Ativa 2**, 3ª, Lidel, 2011

Helena Lemos, **Dialogar em português**, Lidel, 2013

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Linguas estranxeiras para o turismo IVB: Portugués/O04G240V01608

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Linguas estranxeiras para o turismo IID: Portugués/O04G240V01408

Outros comentarios

Un bo dominio da lingua galega facilita a adquisición rápida dun nivel A2/B1 de lingua portuguesa.

Plan de Continxencias

Descrición

- Avaliación continua a distancia:
Esíxese a participación e seguemento efectivo a distancia da materia de forma continuada por parte da/o estudante. Neste escenario, a materia será impartida esencialmente mediante as canles establecidas pola Universidade: Campus Remoto e Moovi. Se fose preciso realizar unha avaliación continua a distancia, levaríase a cabo mediante estes mesmos medios. Mantéñense todas as condicións e proporcións fixadas na avaliación continua presencial,agás no tocante á presencialidade. A participación continuada deberá concretarse no seguemento efectivo a distancia e a realización das tarefas encomendadas.

- Avaliación única a distancia:

En caso de que sexa necesario realizar unha avaliación a distancia, esta levarase a cabo mediante as canles establecidas pola Universidade: Campus Remoto e Moovi. Mantéñense as condicións e proporcións fixadas na avaliación única presencial.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia medieval universal				
Materia	Historia medieval universal			
Código	O04G740V01318			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Pérez Rodríguez, Francisco Javier			
Profesorado	Pérez Rodríguez, Francisco Javier			
Correo-e	fjperez@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Coñecemento e comprensión dos caracteres específicos da sociedade medieval entre os séculos IV ao XV			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia.	
Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal.	
Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado.	
Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna.	
Elaboración de traballos básicos e de iniciación	

Contidos	
Tema	
1.- Alta idade media (ss. IV-X)	1.1. Introdución á idade media 1.2. Do imperio romano ao carolinxio 1.3. O imperio bizantino 1.4. Nacemento e expansión do Islam
2.- Plena idade media (ss. XI -XIII)	2.1. Organización e expansión do occidente europeo 2.2. As transformacións do imperio bizantino 2.3. Compartimentación do Islam
3.- Baixa idade media (ss. XIV-XV)	3.1. Crise e recuperación da Europa occidental 3.2. Os cambios nas mentalidades europeas 3.3.O espazo político baixomedieval

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	1	2
Lección maxistral	22	22	44
Eventos científicos	2	2	4
Traballo tutelado	12	48	60
Saídas de estudo	3	3	6
Seminario	3	0	3
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	12	14
Observación sistemática	2	4	6
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	8	10
Traballo	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente
Descrición

Actividades introdutorias	Sesión orientada a presentar a materia, tomar contacto co alumnado e reunir información sobre as súas competencias, motivacións e intereses
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte do profesor e presentación das liñas básicas para o desenvolvemento das actividades relacionadas coa mesma
Eventos científicos	Horas reservadas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Traballo tutelado	Elaboración e presentación de traballos feitos polo alumnado de forma individual ou en grupo
Saídas de estudo	Saída de estudo co obxecto de amosar unha institución, espazo ou monumento relevante da historia medieval
Seminario	Seguemento e aclaración de dúbidas sobre os contidos da materia así como supervisión do traballo autónomo do alumnado en relación coa mesma

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Seguemento e atención individualizada do alumnado tanto na aula, no despacho, na aula Campus Remoto, correo electrónico ou TIC, coa intención de resolver os problemas e dúbidas que poidan xurdir no estudo e comprensión dos contidos da materia, preparación de traballos, resolucións de problemas, probas de avaliación, etc
Seminario	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e revisión das probas da avaliación. O seguemento farase a mediante os seguintes recursos: Todo o alumnado: curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo). Docencia presencial: seguemento na aula e seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: aula Campus Remoto (enlace en MooVi)

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas de desenvolvemento	Avaliación mediante unha proba ao rematar as sesións teóricas con preguntas abertas a desenvolver sobre temas ou cuestións da materia. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal. Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia. Para aprobar a materia no seu conxunto será preciso obter un 5 nestas probas.	40	
Observación sistemática	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado mediante a súa participación na realización e presentación de tarefas propostas na plataforma moodle . Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia. Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal.	10	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliaranse os coñecementos e destrezas adquiridos polo alumnado nos seminarios sobre exposicións, comentarios, etc. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado. Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna.	20	
Traballo	Avaliaranse os coñecementos teóricos adquiridos polo alumnado na realización e estruturación do traballo así como a súa capacidade de exposición. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Elaboración de traballos básicos e de iniciación.	30	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (DLE-

RAE).
Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Todo o alumnado matriculado na materia ten dereito a *dispor como alternativa de probas de avaliación global* (artigo 64.g dos Estatutos daUniversidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación contínua, examinaranse de todo o programa da materia, o cal deberán preparar a partir da bibliografía básica sinalada. Asemade, deberán realizar obrigatoriamente un traballo práctico ou bibliográfico relacionado coa materia, o cal será comunicado ao profesor responsable con anterioridade ao remate das sesións presenciais e entregado na data do exame final. Dito exame constará dunha proba de resposta curta e un comentario de texto. A nota final repartirase entre as tres probas do xeito seguinte: proba de resposta curta: 40%; comentario de texto: 30%; traballo: 30%.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

García de Cortázar, J.A. e Sesma Muñoz, J.A., **Manual de Historia Medieval**, Alianza, 2008
Ladero Quesada, M.F. e López Pita, P., **Introducción a la historia del occidente medieval**, Ramón Areces, 2009

Bibliografía Complementaria

Álvarez Palenzuela, V.A. (coord.), **Historia Universal de la Edad Media**, Ariel, 2002
Donado Vara, J. e Echevarría Arsuaga, A., **La Edad Media: siglos V-XII**, Ramón Areces, 2009
Donado Vara, J. Echevarría Arsuaga, A. e Barquero Goñi, C., **La Edad Media: siglos XIII-XV**, Ramón Areces, 2009
Mitre Fernández, E., **Textos y documentos de época medieval (análisis y comentario)**, Ariel, 1992
Echevarría Arsuaga, A. e Rodríguez García, J.M., **Atlas jistórico de la edad media**, Ramón Areces, 2010

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Historia moderna universal/O02G251V01402
Historia medieval da Península Ibérica/O02G251V01503
Historia medieval de Galicia/O02G251V01907

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Historia antiga universal/O02G251V01303

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase a través da plataforma Moodle (http://moovi.uvigo.es) documentación detallada sobre desenvolvemento das actividades do curso. Por esta razón os estudantes deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as Administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
Todas as actividades docentes (leccións maxistrais, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos...) manteranse mediante a utilización combinada de MooVi e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican
As saídas de campo que non poidan realizarse, substituiranse por visitas virtuais utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais, etc.
Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de MooVi (foros, corrección comentada de tarefas...) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.
O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado polo profesor e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións
Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional
Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de MooVi
Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en MooVi.
A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en MooVi. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia moderna universal				
Materia	Historia moderna universal			
Código	O04G740V01321			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Presedo Garazo, Antonio			
Profesorado	Presedo Garazo, Antonio			
Correo-e	antonio.presedo@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Coñecemento e comprensión dos caracteres específicos, principais acontecementos e transformacións da civilización e sociedade da Idade Moderna, prestando especial atención á realidade europea sen renunciar ao estudo comparado doutras civilizacións e culturas.			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia	
Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias	
Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado.	
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas	
Elaboración de traballos básicos e de iniciación	

Contidos	
Tema	
1. Bases estruturais	1.1. A demografía europea do Antigo Réxime. 1.2. Os sectores económicos da Europa do Antigo Réxime. 1.3. A sociedade europea do Antigo Réxime. 1.4. O pensamento económico na Europa Moderna.
2. Cultura e mentalidades	2.1. Humanismo e reformas relixiosas. 2.2. Cultura e ciencia do Barroco á Ilustración. 2.3. Cultura popular e mentalidades (ss. XVI-XVIII).
